







Picus sharpei (Saunders, 1872)

	peto verde
	pito ibérico, pito real ibérico
	oki berdea
	picot verd
	Iberian green woodpecker
	pica-pau-verde



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Piciformes	Picidae	<i>Picus</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	150-220 g
Lonxitude	31-33 cm
Envergadura	40-42 cm

ALIMENTACIÓN

Sobre todo formigas, pero tamén outros insectos e pequenos réptiles.

COMPORTEMENTO

Son animais diúrnos, monógamos, territoriais e solitarios, que normalmente soamente se relacionan con membros da súa especie na época de celo. Empregan sonoros cantos, machos e femias, tanto como reclamo como para marcar o seu territorio.

REPRODUCCIÓN

A época de celo abrangue dende marzo ata xuño. Poñen 5-8 ovos, que son incubados por ambos pais durante 17-19 días. As crías poden voar aos 23-27 días. Acadan a madurez aos dous anos.

HÁBITAT

Gran variedade de bosques e explotacións forestais, parques e xardíns.

DISTRIBUCIÓN

Península Ibérica agás polo norte de Estremadura e Cádiz, Pireneos Franceses e o Rosellón (Francia).

CURIOSIDADES

Ao inicio da época reprodutora, as parellas, sobre todo os machos, pasan 15-30 días perforando a cortiza dunha árbore co seu peteiro para construír o seu niño, emitindo o son característico polo que se recoñece aos paxaros carpinteiros.

A especie foi descrita fai poucos anos, antes considerada unha subespecie de *Picus viridis* Linnaeus, 1758.